

Ramón Piñeiro. Nova orientación do galeguismo

Xosé Ramón RODRÍGUEZ-POLO

Universidad Rey Juan Carlos
Grupo de Estudios Avanzados de Comunicación (GEAC)
joseramon.rodriguez.polo@urjc.es

A decisión da Real Academia Galega de homenaxear a Ramón Piñeiro no Día das Letras Galegas deste ano danos a oportunidade para afondar no coñecemento deste insigne e influínte intelectual, posiblemente o persoeiro máis controvertido de toda a historia do movemento galeguista, sobre o que gravita o debate actual do galeguismo.

O documento que agora presentamos é o primeiro escrito no que se explicita a Estratexia de Galaxia, a estratexia de acción pública que desde 1950 o galeguismo desenvolveu amparado no paraugas da Editorial Galaxia e que tiña como obxectivo a consecución da asunción social e política do galeguismo. Por medio dela pretendéron que os valores e ideais que defendían fosen asumidos por toda a sociedade e deixaran de estar representados unicamente polo movemento galeguista. O que se traduciu no plano político na asunción por parte do partidos do compromiso coa cultura, a lingua e o desenvolvemento dun auténtico autogoberno, inauguración en consecuencia unha nova vía de manifestación política da identidade galega no voto (Rodríguez-Polo e Martín Algarra, 2009).

A importancia do presente texto vén determinada pola autoría de Ramón Piñeiro, o líder político do galeguismo, e pola data da súa redacción (1954) que nos amosa a consistencia e coherencia da reorientación estratéxica do movemento xa dende os primeiros momentos.

Coñecemos o presente escrito da man de Xaime Isla Couto que nos meus anos de doutoramento puxo ó meu dispor o seu pequeno pero valioso arquivo persoal, a súa biblioteca e, sobre todo, a súa memoria e o seu tempo nunha sempre cálida e fecunda conversa.

Este documento representa un dos elementos fundamentais para chegar a entender a actuación

do galeguismo a partires dos anos corenta, e sobre o que se desenvolve a nova interpretación daqueles anos nos que Ramón Piñeiro xunto a Xaime Isla e moitos outros loitaron contra o franquismo a longa batalla polo futuro do país (Rodríguez-Polo, 2009a e 2009b).

Nesta breve introdución ó escrito de Ramón Piñeiro tratamos en primeiro lugar o contexto do movemento galeguista no que se proxecta a Estratexia de Galaxia e a continuación explicamos as circunstancias propias do documento, observacións que de seguro nos axudarán a comprender mellor o texto que reproducimos ó final.

1. O CONTEXTO DA NOVA ESTRATEXIA DO GALEGUISMO

Despois da Guerra Civil a iniciativa do movemento galeguista quedou nas mans dos xuventude universitaria procedente das Mocedades Galeguistas, a agrupación *xuvenil* do Partido Galeguista. Estes adicaron os seus esforzos ó labor político clandestino empeñados, xunto ó resto de forzas políticas do interior, na restauración da legalidade republicana. O liderazgo do secretario político, Ramón Piñeiro, que despregou unha activa presenza no interior e mantivo importantes contactos co goberno español no exilio francés, levou a Daniel Castelao —exiliado en Buenos Aires— a se converter en 1947 en ministro do goberno en representación de Galicia.

Pero a finais dos anos corenta as principais potencias occidentais, inmersas xa na guerra fría, viron no réxime español un claro aliado na súa guerra contra o comunismo e decidiron abandonar á resistencia democrática e apoialo, revocando as sancións que lle tiñan imposto. Este cambio do

panorama internacional e o fracaso do goberno do exilio levou a que tódalas forzas políticas foran progresivamente abandonando a actividade clandestina, conscientes da consolidación internacional do franquismo.

Cando en 1949 Ramón Piñeiro saíu do cárcere reuniuse co resto de integrantes do Partido Galeguista e xuntos decidiron non pregarse á inactividade do ambiente, entendían que tiñan a misión irrenunciable de loitar pola identidade e os dereitos de Galicia fosen as que fosen as circunstancias políticas.

Para iso elaboraron unha estratexia que tiña o obxectivo de preparar á sociedade para o escenario futuro da restauración da democracia en España. Coidaron que debían pensar no longo prazo e deseñar unha estratexia que, mantendo de maneira parella a súa presenza entre a aletargada oposición clandestina, lles permitise actuar sobre a opinión pública fomentando a conciencia galega e contrarrestando a influencia do franquismo, centrando a súa actividade especialmente nas novas xeracións que serían as que poderían sobrevivir ó réxime.

O campo no que todo eso podería ser posible era o campo cultural, e a estratexia atopou a súa formulación na constitución da Editorial Galaxia en 1950, que baixo a figura de sociedade anónima mercantil lles permitiría eludir mellor o control político do réxime. A estratexia que desenvolveron, e foron complementando co tempo, tiña cinco eixes de actuación: a actividade editorial, o fomento e recuperación de institucións culturais, a promoción de galeguistas como referentes públicos, o labor de contacto persoal e o afastamento do galeguismo de calquera adscrición ideolóxica ou partidista.

2. SIGNIFICADO DO DOCUMENTO

O documento *Nova orientación do galeguismo* ten a virtualidade de ser o primeiro texto no que Ramón Piñeiro describe a Estratexia de Galaxia. Está dirixido ós galeguistas americanos e nel explícalles e clarexa o cambio estratéxico do

movemento cara a acción pública no eido da cultura, e solicita deles o seu apoio neste novo labor de concienciación social e loita pola recuperación de Galicia.

Pero a Estratexia de Galaxia axiña recibirá as críticas do Consello de Galiza que —morto xa Castelao— seguía a pretender a dirección política de todo o galeguismo, e a teimar pola República e a recuperación do Estatuto.

A pesares de que no texto non figura data algunha, seguindo a referencias que aparecen podémolo situar en 1954. O ton que emprega Ramón Piñeiro, expresando de maneira firme os seus argumentos e chegando mesmo a resultar duro nalgún parágrafo, preséntanos o documento máis como unha reposta que coma unha proposta. Entendido deste xeito poderíamos ratificar a datación, xa que ben podería ser a resposta dos galaxianos á imputación que o 16 de novembro de 1953 lles lanzara dende as súas páxinas *A Nosa Terra*, editado en Buenos Aires na órbita do Consello, no que se lles acusaba de reorientar o galeguismo nunha solución acomodaticia ó réxime por causa do medo. É probable que os galeguistas aproveitaran a viaxe a América de Francisco Fernández del Riego para facer chegar en man este documento, en 1954 participaba nas Xornadas Culturais do Centro Galego de Buenos Aires e reuniase co grupo do Consello (Rodríguez-Polo, 2009a:80)

As discrepancias co Consello de Galiza mantivéronse e en 1958 os galeguistas do interior, nun derradeiro esforzo por facerse entender, aproveitaron a viaxe a Galicia de dous dos seus membros para celebrar en Compostela unha xuntanza na que congregaron os persoeiros máis destacados do galeguismo (Casares, 1991).

Malia que desta vez tampouco se pode dicir que se chegara a ningún entendemento “institucional” as relacións persoais seguiron a ser boas, os americanos financiaron a *Historia de Galicia* dirixida por Ramón Otero Pedrayo e seguiron a convidar ós do interior como conferenciantes nos actos dos centros galegos. Pola súa banda, nese mesmo ano de 1958 os membros máis destacados do Consello de Galiza propuxeron a súa supresión.

3. RAMÓN PIÑEIRO, NOVA ORIENTACIÓN DO GALEGUISMO¹

Dentro de Galicia, despois da catástrofe do 36, o galeguismo foi revivindo politicamente no curso da guerra mundial. A esperanza dunha victoria antitotalitaria e da conseguente restauración democrática en España determinou que aló polos anos 43 e 44 as forzas políticas de tipo democrático reorganizasen os seus cadros internos e afrontasen os riscos dos contactos e da actividade clandestina. O mesmo que as demais forzas, o galeguismo acudiu á cita. Había unha dobre necesidade de entendemento coas demais forzas: por unha banda, estar presentes na preparación do restablecemento da legalidade republicana, que entón había razóns para considerar factíbel; por outra banda, impedir a manobra preparada polos comunistas, que simulando unha alianza de forzas políticamente heteroxéneas, que denominaban UNIÓN NACIONAL, dispúñanse a ser eles o eixe central do restablecemento da República. O galeguismo percorreu o contacto inmediato coa vascos e mailos cataláns. En estreito contacto, e de común acordo, galegos, vascos e cataláns participamos no desenvolvemento da loita democrática clandestina contra Franco. Esta loita tivo o seu desenrolo culminante entre os anos 44 e 47, en cuxo período o Réxime franquista sufriu as crises diplomáticas máis serias. En todo este período o galeguismo estivo na primeira liña do combate clandestino.

A partir do ano 47, a evolución diplomática do “problema español” desbotou definitivamente a solución democrático-republicana. A República do 31, carente de “forza” no interior de España e falta agora de apoio diplomático, perdía definitivamente a partida. A derrota militar do 39 converteuse en derrota diplomática no 47. A mesma opinión democrática do interior abandonou totalmente as ilusións dunha restauración da legalidade republicana. A “guerra fría”, ou sexa, o fracaso da paz democrática, garantiulle a Franco a continuidade no Poder. Abandonada polas Chancelerías a carta republicana, a actividade clandestina quedaba automaticamente inutilizada como posibilidade real. Así o entenderon os demócratas do interior, que dende entón limitáronse á pura conservación da vida intraorgánica de cada unha das forzas. Os enormes sacrificios da actividade clandestina, ó facérense estériles polo abandono diplomático, deixaron de ter sentido e finalidade.

A todo isto, en Galicia, co paso do tempo (xa van aló 18 anos), as novas xeracións íanse formando sen contacto algún coa tradición galeguista. Toda a xente nova de Galicia recibía unha formación absolutamente allea á Terra. Facíase necesaria unha laboura de formación galega, un contacto co público, unha actividade orientadora. O fracaso das actividades democrático-clandestinas non podían significar un fracaso do galeguismo como doutrina. Non pasaba de ser un simple fracaso do táctico ocasionado polas contingencias da política internacional. Pero en Galicia, ó marxe do fracaso republicano e ó marxe das crises diplomáticas, o galeguismo tiña unha misión permanente que cumprir: espetar a conciencia galega da nosa xente, especialmente dos mozos; asegurar a continuidade da fe galega; preparar o futuro da Terra mediante a formación de galeguistas novos que no seu día —un día que ninguén sabe cando nin cómo será— saiban representar e defender os dereitos eternos de Galicia.

Para levar a termino esta laboura formativa, este contacto orientador coa opinión galega, o galeguismo tiña un só camiño viábel: o camiño da defensa e da afirmación dos valores culturais galegos. A través da valoración da nosa cultura, moitas conciencias mozas descubriron a verdade do galeguismo. A través da creación cultural, os mellores espíritos galegos fôronse incorporando activamente á laboura galeguista. De novo foise recobrando o prestixio espiritual. O galeguismo é hoxe o núcleo máis cualificado e representativo de Galicia. Mesmo fóra de Galicia comézase a recoñecer que o rexurdimento cultural galego actual é un dos feitos de meirande vitalidade espiritual do ámbito peninsular. Mozos universitarios, atraídos polo prestixio desta actividade cultural, achéganse ó galeguismo e dispóñense a participar na laboura.

O éxito positivo desta actividade cultural axiña espertou o recelo das autoridades políticas do Réxime. Cada vez máis, tratan de poñer obstáculos e tropezos a unha laboura que eles consideran —e con razón que é unha laboura esencialmete política. Cando coidaban que o galeguismo estaba reducido a uns residuos exsangües do pasado, atopáronse con un vigoroso e inesperado rexurdimento, non só dos elementos superviventes do pasado, senón coa aparición en escena de toda unha nova promoción de valores. Actualmente está en curso unha batalla política entre o gale-

¹ Reproducimos fielmente o texto orixinal.

guismo e mailo Poder franquista, batalla que se libra no terreo cultural. Ensaian tódalas tácticas, dende a persecución (prohibición de escribir en galego nos xornais, supresión de *Grial*, negación de permiso para editar unha tradución galega de Heidegger, etc.) ata a adulación (invitacións para dar conferencias “pagadas” en Cultura Hispánica, homenaxes oficiais ós poetas galegos, promesas de “solicitar” a creación da cátedra de lingua e literatura galega na Universidade compostelán, etc.). Por rara paradoxa o sistema represivo do franquismo é moito máis eficaz e poderoso contra as ocultas actividades políticas da clandestinidade, porque as pode estrangular impunemente, que contra as as actividades públicas e legais da creación cultural. Coa nova táctica emprendida polo galeguismo, a loita líbrase no terreo menos favorable para a arrepiente eficiencia represiva do Réxime. Póñennos, dende logo, moitas trabas e dificultades, pero o mínimo de liberdade que teñen que permitir abóndanos para exteriorizar unha vitalidade espiritual e creadora que os enche de preocupación.

Non quer esto dicir, naturalmente, que aquí en Galicia fixérase galeguismo apolítico. Nada de iso. Pola contra, ocorre que modificou a táctica política de acordo co que as circunstancias aconsellaban con miras á meirande eficacia da laboura. Mentres había posibilidades dunha restauración democrática, o galeguismo colaborou activamente coas demais forzas interesadas para garantir no seu día a presenza de Galicia na nova organización democrática do país. Cando esta posibilidade esmoreceu, o galeguismo non podía resignarse á pasividade lánquida da inactividade clandestina —na que se foron consumindo outras forzas— e percurou outro campo de loita: o campo da actividade cultural. O día que de novo xurdan posibilidades de orde directamente político, sexa ou non por vía clandestina, o galeguismo voltará a estar presente en representación de Galicia. O que non podemos é agardar inactivos a que esas posibilidades cheguen, sobre todo porque ninguén sabe cando chegarán nin de que tipo han ser. Mentres chegan, sexa mañá sexa dentro de dez, de vinte ou de cincuenta anos, temos que aproveitar o tempo para facer laboura positiva, laboura de formación de valores, de creación de bens culturais e de incremento do prestixio da personalidade espiritual galega. Entendemos que esta concepción dinámica é a que corresponde o ó noso verdadeiro papel de defensores da personalidade integral de Galicia de acordo coas posibilidades

que as circunstancias históricas nos vaian deparando. As circunstancias históricas non podemos crealas nós ó noso gusto, pero correspóndenos o deber de as aproveitar no que ofrezan de positivo. Para as poder aproveitar axeitadamente, a medida que as circunstancias vaian cambiando de estrutura nós deberemos ir cambiando paralelamente de táctica. Tal é, en esencia, a nosa doutrina de acción.

Interésanos moito que os nosos irmáns que viven na emigración ou no exilio comprendan claramente as profundas razóns que motivan a nosa conducta. Pode ocorrer que, individualmente ou colectivamente, algúns galeguistas residentes fóra de Galicia persistan na posición ideolóxica do ano 36, identificando o galeguismo coa defensa intransixente da República e do Estatuto. Esta postura, que no exilio pódese manter con toda impunidade, en Galicia sería non só estéril senón contraproducente. Si o galeguismo adoitase en Galicia esa postura como bandeira ideolóxica propia, automaticamente perdería influencia e forza. A opinión galega —o mesmo que a opinión española en xeral— deixou de crer nas posibilidades de restauración política da legalidade republicana-estatutista. Ninguén sabe o que pasará no futuro político español, máis todo o mundo sabe —ou cre, que é o mesmo— que, pase o que pase, a única que non pode ocorrer é a volta ó pasado. Virá unha Monarquía carlista, ou liberal; virá unha República conservadora, ou democrática, ou socialista; virá unha Dictadura comunista; virá o moro Muza. O único que que, en opinión da xente, non ha de vir, é a situación que había no 36. A mentalidade da xente e a visión dos problemas cambiou radicalmente dende o 36 para acá, cousa moi natural si se ten en conta que dende entón viviu España unha tremenda guerra civil, unha Dictadura totalitaria que xa leva 18 anos, e o mundo pasou pola guerra máis tremenda que teña habido e vive unha crise permanente que se chama “guerra fría”. En ningún lugar do planeta os problemas políticos, económicos ou sociais son hoxe o mesmo que no ano 36. E si os problemas variaron e se modificaron radicalmente, as solucións e fórmulas políticas neles inspiradas tiveron que sufrir idéntica modificación radical. Entre outras cousas, porque a experiencia histórica das novas xeracións que se formaron baixo a presión das Dictaduras, das guerras e da crise política derivada da “guerra fría” deu lugar a unha mentalidade política totalmente distinta da que en España e en Europa había no ano 36. Galicia non

vive insensíbel ó proceso histórico de Europa e sufriu os mesmos cambios. Si hoxe defendéramos as mesmas fórmulas e programas que no ano 36, a xente viraríanos as costas e riríase de nós. Entre a opinión do “interior” de Galicia e a opinión de algúns núcleos exiliados, pode darse esta diferenza esencial de actitude: a opinión do “interior” –como a de toda España e a de toda Europa occidental– preocúpase sobre todo de solucionar a crise presente mediante unha fórmula política futura que aínda non hai. A gravidade da crise consiste mesmamente en que hai que buscar unha solución “nova”. A opinión dalgúns núcleos exiliados opina que hai que saír da crise actual voltando ás solucións ideolóxicas e programáticas do ano 36. Nós entendemos que a fondura e a transcendencia do ideal galeguista non pode reducirse nin confundirse coa postura política que as circunstancias históricas do ano 36 aconsellaron. Con República ou sen ela, con Estatuto ou sen Estatuto, con Franco ou sen Franco, con Monarquía ou con socialismo, o galeguismo ten unha misión permanente e fundamental á que endexamais pode renunciar: afirmar e acrecentar os valores esenciais da personalidade integral de Galicia. Con República e con Estatuto, esa laboura do galeguismo sería máis doada e fructífera. De aí que defendéramos como solución do problema español á restauración democrática, republicana-autonomista cando o derrubamento da Europa nazi abriu posibilidades de un cambio democrático en España. Contra a nosa vontade, as grandes forzas internacionais que deciden a sorte política dos pobos decidiron excluír a restauración democrático-republicana en España. Máis tarde, decidiron transixir coa continuidade do Franco no Poder. Esta decisión foi a máis contraria ós nosos desexos e intereses. Con todo, non por eso podemos renunciar á realización da misión fundamental e permanente do galeguismo. Baixo a tiranía franquista a nosa laboura é penosa e difícil. Esixe gran capacidade de entusiasmo e de sacrificio, porque cada resultado que se logre ha de ser froito dun derroche de esforzo, pero calquera forma de pasividade pola nosa parte sería unha verdadeira deserción moral. Os resultados positivos da nosa laboura confirmannos que imos polo bo camiño.

Agora ven unha consecuencia importante: si hoxe por hoxe no rode político clandestino non hai nada que facer –pola sinxela razón e que non hai ningunha actividade coordinada de tipo democrático ou clandestino–; si é totalmente imprevisí-

bel o curso e o momento da futura evolución política en España —entre outras razóns porque non depende dos propios españois senón das contixencias da política internacional—; se o permanecer pasivos ou inibidos sería tanto como declararse vencidos, sería abandonar o terreo ó inimigo, que podería levar ó cabo o seu empeño desgaleguizador, entón resultará ben claro que o galeguismo debe de aproveitar o tempo desenvolvendo unha laboura activa. Esta laboura, inda que chea de dificultades, só pode ser unha: a actividade cultural galega. Para levala a termo fomos creando os órganos necesarios, inda que coidando de sortear cautelosamente a presión restrictiva do Poder. Na actualidade pódese asegurar que está en marcha un potencial creador de cultura como endexamais houbo en Galicia; pódese asegurar tamén que Galicia conta cos órganos idóneos para transformar este potencial creador en obra realizada, en patrimonio obxectivo; o único que falta son os medios materiais. As posibilidades de realización cultural son hoxe en Galicia moi superiores ós medios con que se conta para as realizar. Velaquí unha situación concreta que debe de ser fonda e seriamente considerada polos irmáns que viven fóra de Galicia. Mentres en Galicia se deixe de facer obra cultural por falta de medios, os emigrados non poderán ter a plena tranquilidade do deber cumprido. Si aquí para manter acesa a chama cultural galega e para arriquecer o seu tesouro temos que afrontar moitos sacrificios de orde persoal, o sacrificio económico dos emigrados non debe faltar á cita. Cómpre decatarse de que facendo cultura galega facemos Patria. Por non sérenmos unha gran potencia política nin económica, o papel de Galicia no concerto dos pobos depende exclusivamente do noso rango cultural. Canto meirande sexa a nosa riqueza e o noso prestixio cultural, meirandes han de ser os nosos dereitos a liberdade no futuro. Si agora mentres dura a tiranía franquista podemos desenvolver un gran rexurdimento da nosa cultura ata poñela a nivel europeo, os sacrificios de orde persoal ou económico que eso nos costa terán unha plena e fructífera compensación “política” no futuro. Esta obra será o mellor herdo que lles podamos deixar ós que veñan detrás de nós.

Sería polo tanto de moito interese que os irmáns que viven na emigración decatáranse da grande e transcendente importancia deste obxectivo político do galeguismo actual. Que comprendan que esta gran empresa cultural é esencialmente unha gran empresa patriótica e política. A única

que hoxe en día podemos levar adiante. Tamén resulta de un interese vital para a sorte da empresa a realizar que se decaten do seu deber moral de tomar parte activa na mesma. Cómpre ir a unha perfecta coordinación de tódolos núcleos emigrados galegos que non caeron na órbita franquista, arredor dunha bandeira ideal común. Esa bandeira só pode ser a defensa da cultura galega. Arredor do idioma como símbolo espiritual da nosa irmandade étnica e da cultura como patrimonio común, pódese crear unha colaboración activa de distintos núcleos (New York, Caracas, B. Aires, Montevideo, México, Brasil, etc.) ó marxe de toda ideoloxía política concreta. As ideoloxías dividen. Os outros intereses patrióticos comúns como son o idioma e maila cultura debe unir a tódolos galegos ben nacidos. Debemos chegar á creación dun PATRONATO DA CULTURA GALEGA que teña carácter universal, con Delegacións locais para cada país onde haxa núcleos galegos. Este PATRONATO deberá reunir a axuda material de tódolos galegos e ó mesmo tempo planear as realizacións culturais de gran alento, que cómpre acometer con urxencia. Algunhas destas realizacións culturais pódense facer, naturalmente, en América. Entre outras, todas aquelas que a censura nos impida de realizar aquí. Deste xeito poderemos loitar con eficacia contra a tenaza que decote ameaza a nosa laboura.

Cando cheguemos a unha estreita compenetración e colaboración activa entre o núcleo galeguista de aquí e as principais colonias galegas de América, irmandados todos na empresa común de arrequecer e prestixiar o idioma e maila cultura nosos, poderemos estar seguros de que o galeguismo ten gañada a meirande batalla da súa historia. Nese intre a personalidade espiritual de Galicia acadará unha vigorosa presenza diante dos demais pobos e xa ninguén ousará discutir a

profunda realidade da nosa peculiaridade diferencial. Como este recoñecemento hoxe en día non o podemos impoñer por vía política directa, temos que o impoñer –ou debemos de o impoñer– por vía cultural, que é outro camiño seguro para conquistar o mesmo resultado político: o recoñecemento da personalidade singular de Galicia. Esta é a gran hora da batalla cultural.

O goberno de Madrid percibe o perigo de que se chegue a esa compenetración activa. Decátáronse, con absoluta claridade, de que sería para eles unha batalla difícil. Por tódolos medios tratan de conquistar unha influencia política nas colonias galegas que lles permita impedir calquera empresa galeguista de certo alento. Andan a voltas coa idea de crear unha FEDERACIÓN MUNDIAL DE CENTROS GALEGOS, cuido punto central sería mesmamente o Centro Galego de Madrid, presidio por un militar designado polo mesmo Franco. Tratan de controlar o contacto cultural coa emigración a través de “Cultura Hispánica”. Simulan homenaxes oficiais ós nosos poetas, inda que logo na realidade resulten cousas coma esta: nun homenaxe a Rosalía, diante da estatua que ten na Ferradura compostelán, un catedrático madrileño pronunciou unha arenga falanxista do máis retórico estilo patriótico e españolista. Na reseña do acto, para que os os de América non se decaten, só falan de loubanzas a Rosalía, silenciando o ton antigalego do homenaxe. E así con todo o demais. Temen moito a unha intelixencia entre os emigrados e mailos galeguistas do interior. Por medio da propaganda confusionista e por medio da laboura das Embaixadas, confían en impedir que tal intelixencia se produza. Se a nós non nos falla o instinto político, deberemos aproveitar plenamente as vantaxes que esta intelixencia colaboradora representaría para os intereses fundamentais da nosa causa.

4. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CASARES, Carlos (ed.) (1991), “Monográfico sobre Ramón Piñeiro”, *Grial*, núm. 111.
- ISLA COUTO, Xaime (1991), “Ramón e Galaxia” en VV.AA., *Homenaxe a Ramón Piñeiro*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia, pp. 51-66.
- PIÑEIRO, Ramón (1974a), “A emigración, vista desde Galicia”, en Piñeiro, R., *Olladas no futuro*. Vigo: Galaxia, pp. 83-94. [Orixinal de 1956].
- (1974b), “A defensa do idioma, vencellos espiritoal de tódolos galegos”, en Piñeiro, R., *Olladas no futuro*. Vigo: Galaxia, pp. 95-104. [Orixinal de 1956].
- RODRÍGUEZ-POLO, Xosé Ramón (2009a), *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo*. Vigo: Xerais.
- (2009b), *O triunfo do galeguismo. Opinión pública, partidos políticos e comportamento electoral na transición autonómica*. Madrid: Dykinson.
- (2006), “Galego categórico” addenda á voz “Ramón Piñeiro López”, *Gran Enciclopedia Galega*, vol. XXXVI, pp. 81-82.
- RODRÍGUEZ-POLO, Xosé Ramón e MARTÍN ALGARRA, Manuel. (2009), “La manifestación política de la identidad gallega en el voto: la influencia del galeguismo”, *Revista Latina de Comunicación Social*, núm. 64, pp. 136-142.